

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CERDEDO

CLÁUSULA PRIMEIRA - OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a realización do servizo de prestación do servizo de axuda no fogar (número de referencia 85310000-5 CPV).

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos tal e como establece o art. 10 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

CLÁUSULA SEGUNDA- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación do contrato de servizos de axuda no fogar será o procedemento aberto con diversos criterios de adxudicación, en que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do texto refundido da lei de contratos do sector público.

CLÁUSULA TERCEIRA - PERFIL DE CONTRATANTE

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil de contratante ao que terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web do Concello.

CLÁUSULA CUARTA - PREZO DO CONTRATO

O prezo do contrato será de 11,20 €/hora excluído o IVE nos días laborables e 12,50 €/hora os días festivos.

CLÁUSULA QUINTA - DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será de UN ANO, prorrogable ata un máximo de dous.

O servizo non poderá ser interrompido nin sequera por cumprimento do prazo contractual, sendo obrigado para a adxudicataria continuar coas prestacións obxecto do contrato ata que se leve a cabo unha nova adxudicación.

CLÁUSULA SEXTA - ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan a plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1.- A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

A) a capacidade de obrar dos empresarios que fosen persoas xurídicas mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

B) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

C) Os demais empresarios estranxeiros con informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular no ámbito territorial en que radique o domicilio da empresa.

2.- A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do art. 60 do TRLCSP poderá realizarse:

A) Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa segundo os casos e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

B) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade xudicial.

3.- A solvencia do empresario:

3.1 - A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

* Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

* As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro Oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

* Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos 3 últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

3.2 - Nos contratos de servizos a solvencia técnica dos empresarios acreditarase de acordo co sinalado no apartado de documentación a presentar.

Deberán adquirir compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo axeitadamente, medios que deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscrición considérase obriga esencial para os efectos previstos no artigo 223.g) do TRLCSP. (art.64 TRLCSP)

CLÁUSULA SÉTIMA - CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co TRLCSP non se esixe clasificación.

CLÁUSULA OITAVA- REVISIÓN DE PREZOS

O prezo do contrato non sufrirá variación algunha ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que por virtude de disposicións laborais se modificasen os xornais, cotas da Seguridade Social, ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

CLÁUSULA NOVENA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cerdedo sito na Praza do concello 9:00 a 14:00 horas dentro do prazo de 15 días a contar dende o día seguinte á data de publicación do último anuncio no Boletín Oficial da Provincia ou DOGA.

A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data e hora de imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición, no caso no que esta fose recibida fora do prazo de presentación de ofertas fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, decorridos dez días naturais dende o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

CLÁUSULA DÉCIMA.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións constarán de 3 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, con nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, número de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico e sinatura do licitador ou persoa que lle represente, co seguinte contido:

Sobre A "Documentación administrativa"

Sobre B: "Referencias técnicas" (no que se incluírá a documentación relativa ás cuestións relacionadas cos criterios de adxudicación cuxa cuantificación require un xuízo de valor, de conformidade co art. 150 TRLCSP).

Sobre C: "Oferta económica" (no que se incluírá a documentación relativa aos criterios de adxudicación aritmética ou avaliábel de xeito automático mediante aplicación de fórmulas de conformidade co art. 150 TRLCSP).

13.1 Sobre 1 subtítulo DOCUMENTACIÓN XERAL

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: -Fotocopia do N.I.F., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea se acreditará mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A-4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular neste ámbito territorial no que radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, en que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa parte a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente igual.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

C) Poderes:

Os licitadores poderán concorrer por si ou representados por outra persoa con poder bastante ou documento que xustifique de xeito legal a personalidade para xestionar en nome e representación do daquel que lle outorgou o poder. Cando en nome dunha sociedade concorra algún representante da mesma, deberá xustificar igualmente a representación mediante poder.

D) Verificación de poderes

Poderá realizarse no momento de apertura dos sobres pola mesa de contratación.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades e cumprimento das obrigas tributarias:

Declaración responsable de que a Empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos artigos 130 e 49 da LCSP, e de que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, axustado ao seguinte modelo:

*D./D^a. _____ con _____ DNI _____ e domicilio en _____
provincia de _____ rúa _____ n^o _____. En _____ nome propio ou en
representación da empresa a que representa no procedemento de adxudicación do
contrato para a prestación do servizo de axuda a domicilio para persoas dependentes.
Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están
incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecida no art. 60 e
146.1.c) da LCSP.*

*Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e
coa Seguridade Social.*

(Lugar, data e sinatura do proponente)

F) Requisitos específicos de admisión: os licitadores deberán acreditar estar en posesión dos requisitos establecidos na cláusula 4ª deste prego.

A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio da Mesa de Contratación, terá carácter excluínente.

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerárase incumprimento de obriga esencial aos efectos previstos no art. 223 g) TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos do art. 212.1 LCSP.

G) Acreditación de solvencia técnica:

Presentación dunha relación dos principais servizos ou traballos semellantes realizados no curso dos últimos tres anos, acreditados mediante certificado do destinatario (de acordo co sinalado no art. 78 TRLCSP). O licitador deberá ter realizado servizos nese prazo durante un mínimo de 24 meses para calquera administración pública.

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

I) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

K) Autorización de entidade prestadora de servizos sociais, conforme ao disposto na Lei 39/2006, de 14 de decembro e no Decreto 143/2007 de 12 de xullo que regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais.

L) Correo electrónico no que se efectuarán as oportunas notificacións.

M) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado pola orde sinalada na cláusula 13.1 (apartados A, B, C, D, E, F, G, H, I, J). Así mesmo, presentárase pola devandita orde e con separadores a documentación requirida en cada un dos apartados citados.

13.2. Sobre B: Subtituladas "Referencias técnicas"

Conterá un proxecto redactado por técnico/a do ámbito dos servizos persoais á comunidade comprensiva das tarefas a realizar para a correcta prestación do servizo, con inclusión de tódolos aspectos a valorar que contempla este prego e formará parte do contrato a todos os efectos. Así mesmo, neste sobre poderá o licitador incluír calquer outro dato relacionado co obxecto do contrato que considere oportuno incluír para a mellor valoración da súa proposta segundo os criterios determinados neste prego.

Requerimentos mínimos que deberá reunir as ofertas presentadas para ser valoradas:

Proxecto descritivo dos traballos e método organizativo para operativizar o SAF

Compromiso de subrogación do persoal existente na empresa adxudicataria actual, e novas contratacións se houbera.

13.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica". Seguirá o seguinte modelo:

D. _____ con domicilio en _____ rúa _____ nº _____

teléfono _____ con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa)

Nº _____ actuando en nome propio ou en representación

de _____ DNI ou CIF Nº _____ con

domicilio en _____ Nº _____ Teléfono _____) toma

parte no procedemento aberto con diversos criterios de valoración para a adxudicación do servizo de axuda a domicilio e a cuxos efectos fai constar:

1.- Que ofrece os seguintes prezos unitarios:

2.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato.

3.- Que achega a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

_____, ____ de ____ de _____ 2014

O Licitador (asinado e rubricado)

Asemade conterà as melloras ofertadas e cuantificadas economicamente e con referencia ao número de unidades por ano.

CLÁUSULA DECIMO PRIMEIRA.- DOCUMENTOS ORIXINAIS E COPIAS

Os documentos que se acheguen as proposicións deberán ser orixinais. Non obstante admitiranse copias dilixenciadas polo Secretario, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.-MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación estará integrada por:

Presidente: Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue

Vogais: Secretario do concello, traballadora social.

Actúa como Secretario un funcionario do concello, con voz e sen voto.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- APERTURA DE OFERTAS

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada no sobre A (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao que se dispón no art. 160 do TRLCSP.

16.1 Apertura e valoración das ofertas.

Unha vez cualificada a documentación administrativa presentada, procederase a anunciar no perfil do contratante ou no taboleiro de anuncios de contratación a apertura pública do sobre B.

Unha vez emitidos os informes correspondentes e valorados pola Mesa de Contratación, procederase á convocatoria pública do acto de apertura das ofertas económicas. O devandito acto celebrarase no lugar e día que se sinale no taboleiro de anuncios de contratación da Corporación ou perfil do contratante.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

16.2 Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa, en resolución motivada.

16.2.1.- A Administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, sen atender necesariamente ao valor económico da mesma, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no presente Prego.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.- ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para a devandita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego.

Con posterioridade requirirase ao licitador que presentara a oferta máis vantaxosa para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de xeito directo a acreditación disto, de dispoñer efectivamente dos medios que se houbese comprometido a adicar ou adscribir a execución do contrato e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, por orde no que fican clasificadas as ofertas.

No prazo de cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, o órgano de contratación procederá a adxudicar o contrato.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

A adxudicación que deberá ser sempre motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores que foran admitidos e publicarase no perfil do contratante.

En todo caso, na notificación máis no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse a súa formalización, conforme ao art.156.3 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Cando o órgano de contratación presuma fundamentalmente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as devanditas ofertas achegando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición cuxa porcentaxe exceda en dez unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas e admitidas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa os seguintes:

- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- Programa detallado de execución dos servizos.
- Volume de servizos xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos emitidos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a prol da proposición economicamente máis

vantaxosa, de acordo coa orde en que sexan clasificadas conforme ao sinalado na cláusula 17 deste prego de condicións

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA - GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

De acordo co establecido no artigo 103.1 do TRLCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisoria.

De acordo co art. 95 e seguinte TRLCSP, a garantía definitiva será constituída polo adxudicatario por calquera dos medios que autoriza o TRLCSP, e se fixa no 5% (IVE excluído) do prezo anual do contrato.

A garantía definitiva será devolta ao contratista unha vez executada a totalidade do contrato, e cumprido este satisfactoriamente ou cando se resolva o mesmo sen culpa do contratista, previo informe de conformidade do departamento xestor do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA - ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN COA EMPRESA

Para a valoración das ofertas e a determinación da economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación:

* Plan de prestación do servizo: - 8 ptos

Neste plan valoraranse especificamente, con carácter homoxéneo e entre outros aspectos, os seguintes:

- Formación para a reciclaxe profesional: ata 1 punto
- Medios materiais a disposición dos traballadores: ata 1 punto

* Melloras ofertadas: 3 ptos: para a súa valoración deberán ter relación co obxecto do contrato e supoñer una mellora efectiva na prestación do servizo, así como deberá constar a valoración económica de cada unha das melloras ofertadas para poder proceder á súa consideración, valoración que será comprobada pola mesa de contratación e puntuaranse en termos homoxéneos.

Especificamente puntuaranse, entre outros aspectos, axudas técnicas a empregar nos domicilios dos usuarios; servizos complementarios para os usuarios ofertados sen coste.

* Oferta económica: - 1 pto

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA - PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co art. 194 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público ostenta as seguintes prerrogativas:

A) Interpretación do contrato

- B) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento
- C) Modificación do contrato por razóns de interese público
- D) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA - FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación definitiva, constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA VIXÉSIMA.- RESPONSABLE DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO

Será o Xefe do Servizo Sociocomunitario a persoa responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrución do órgano de contratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados na leis. (art. 214 TRLCSP)

O contratista será responsable igualmente dos danos e perdas que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunido os requisitos de titulación e experiencia esixidos, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte deste Concello do cumprimento de aqueles requisitos.

A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que nas

variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento ao responsable do contrato.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de xeito real, efectivo e seguido, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, a substitucións dos traballadores nos casos de baixa ou ausencia, as obrigas legais en materia de Seguridade social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando proceda, as obrigas legais en materia de prevención de riscos laborais, no exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre o empregado e quen o emprega.

A empresa contratista controlará especialmente por que os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitadas nos pregos como obxecto do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais.

Tanto as ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, agás o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

Se o obxecto do contrato non se atopase en condicións de ser recibido, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, a prestación efectuada non se adecúa ao contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obriga de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 300 do TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA.- PRAZO DE GARANTÍA

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía DUN MES, a contar dende a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o servizo prestado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas.

Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar na prestación do servizo, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 225.4 da TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA (art. 102 TRLCSP)

Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, dítase acordo de devolución ou cancelación daquela.

Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- Sexan lexítimamente recibidos pola empresa adxudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estrita confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Cerdedo con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA.- SUBROGACIÓN DO PERSOAL

De acordo co establecido no convenio colectivo autonómico de servizos de axuda a domicilio, a empresa adxudicataria deberá subrogarse en todos os dereitos e obrigas que tiveran recoñecidos na súa anterior empresa, non podendo as cláusulas deste prego ser causa de modificación das condicións esenciais dos contratos vixentes en perxuízo dos traballadores.

Os datos dos actuáis traballadores aparecen reflectidos no Anexo I.

CLÁUSULA VIXÉSIMO OITAVA - RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a o TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato.

O ALCALDE

ANEXO I

CATEGORIA	ANTIGÜEDAD (data inicio)	TIPO CONTRATO	XORNADA
Asistente Social	Setembro 2013	501	25 horas/ semanas
Auxiliar	Setembro 2010	289	Xornada completa
Auxiliar	Outubro 2012	289	14 horas/semana
Auxiliar	Setembro 2002	100	Xornada completa
Auxiliar	Decembro 2010	100	Xornada completa